

PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DOS ESPACIOS DO EDIFICIO PAZO EMILIA PARDO BAZÁN ADSCRITO Ó O.A. TERRA DE SANXENXO

Artigo 1. Fundamento e obxecto

1. En base ás facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e de conformidade co previsto nos artigos 117 e 41 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, correspóndelle ó Consello de Goberno do Organismo Autónomo establece-lo prezo público do alugamento dos espazos do edificio Pazo Emilia Pardo Bazán, adscrito ó Organismo autónomo. A utilización destas instalacións dentro do Organismo Autónomo rexerá polo presente regulamento, de acordo coa Lei 25/1988, que modifica o previsto no título 2º da devandita Lei 39/1988.

2. O Organismo autónomo creouse no Pleno da Corporación en sesión de 30 de agosto de 2001, como un organismo autónomo local de carácter administrativo, para a xestión descentralizada de actividades culturais, turísticas e comerciais nós ámbitos da música, a ópera, o teatro, as feiras, os congresos, as exposicións e outras de natureza análoga, a desenvolver no edificio "Pazo Emilia Pardo Bazán".

Distribución de prezos por andares e espazos

Espazos	medidas (m2)	capacidade	tarifas por día
0.—Soto			
0.1.—Sala de exposicións	173,04		104,00 €
0.2.—Vestíbulo soto	54,97		49,00 €
0.3.—Box 1	5		7,30 € /hr
0.4.—Box 2/3	7		7,30 € /hr
0.5.—Camerino 1 + duchas	12,60		58,00 €
0.6.—Camerino 2 + duchas	12,60		58,00 €
0.7.—Dous camerinos + duchas	25,20		98,00 €
1.—Baixo			
1.1.—Auditorio	312,05	270 butacas	659,00 €
1.2.—Vestíbulo auditorio	100,79		184,00 €
1.3.—Terraza exterior			279,00 €
2.—Primeiro andar			
2.1.—Sala de proxeccións	16,63		245,00 €
2.2.—Aula 2			
2.3.—Vestíbulo	60,72		42,00 €
3.—Segundo andar			
3.1.—Seminarios			
Seminario 1	39,31		63,00 €
Seminario 2	38,34		63,00 €
Seminario 3	36,72		63,00 €
3.2.—Vestíbulo	60,72		42,00 €
4.—Aparcamento exterior			221,00 €

Tarifas especiais por alugamento global do edificio, alugamento diario de tódolos espazos especificados anteriormente 1.473,00 €

ARTIGO 2. OBRIGADOS O PAGO

Están obrigados o pago do presente prezo público as persoas e entidades que soliciten a utilización das instalacións ou a prestación dos servizos suxeitos e quen as empregue incluso sen obter a preceptiva autorización.

ARTIGO 3. TARIFAS

Nestes prezos esta incluído o imposto sobre do valor engadido.
Especificacións ás tarifas.

1. Os vestíbulos de acceso, e a zona de entrega de documentación e de colocación de carteis e bandeirolas estarán incluídos no alugamento de cada zona do edificio, sempre e cando non se utilicen para realizar montaxes ou exposicións de uso comercial.
2. Os seminarios alúganse co mobiliario normalizado, é dicir, unha mesa de profesor cunha cadeira, ademais de 25 cadeiras para alumnos.
3. O alugamento da totalidade dos espazos durante máis dunha xornada implica unha redución dun 20 % na tarifa diaria.
4. Para asociacións legalmente constituídas neste concello disporán dunha bonificación do 50 %. Por outra parte, as entidades públicas con instalacións dentro deste termo municipal disporán dunha bonificación do 50 %"

Horarios de apertura do “Pazo Emilia Pardo Bazán”

O horario de apertura abarcará as seguintes horas:

- pola mañá, de 08:00 horas ás 15:00 horas.
- pola tarde, de 16:00 horas ás 22:00 horas
- os sábados de 9:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 21:00 horas

TARIFAS POR MEDIA XORNADA

Cando os espazos se utilicen en xornada de mañá ou de tarde, é dicir, na media xornada, o seu prezo será o 60 % do prezo unitario/día da sala.

Dentro deste horario estará comprendido o horario de montaxe e desmontaxe.

Exceso de horario:

- Tanto na tarifa completa como na media xornada, o recargo de exceso de horario será do 20 % do prezo unitario/día/sala.
- Cando as salas sexan utilizadas para montaxes e ensaios, aplicase un 50 % da tarifa unitario/día.
- Os domingos e festivos o alugamento das salas sofre un aumento do 25 % sobre o prezo unitario/día/sala, debendo contratar a empresa en cuestión un servizo de portería, seguridade e mantemento.

GRAVACION PARA TELEVISION

Cando se realice un espectáculo en calquera espacio do Organismo Autónomo que sexa obxecto de gravación ou retransmisión para a televisión ou distribución por vídeo, o prezo do alugamento por día incrementarase o 20 % do prezo unitario/día/sala.

SERVICIOS

Teléfonos

Se desexan contratar unha liña de teléfono, o Organismo Autónomo facilitaralle o acceso a ela, debendo a empresa contratar unha alta con Telefónica.

Limpeza de eventos

Os espacios do edificio deben de ser devoltos nas mesmas condicións de hixiene e limpeza nas que se entregaron, polo que a limpeza xeral dos espacios durante a montaxe, durante o evento e despois do desmontaxe, deberá ser contratada polo cliente, non habendo servizos concesionados en réxime de exclusividade.

Seguridade

O Organismo Autónomo dispón das medidas habituais de seguridade por medio de alarmas e persoal de conserxería diurno, durante as horas de apertura ó público.

En caso de requirir algunha seguridade especial, esta deberá ser contratada polo cliente.

En caso de celebración de eventos multitudinarios nas instalacións cunha asistencia prevista superior a 300 persoas, a empresa deberá contrata-los servizos dunha empresa de seguridade (como mínimo un vixiante por cada 300 persoas).

Por cada servizo no que se contraten á vez 10 ou máis gardas e/ou vixiantes, incluírase aparte, un coordinador nas mesmas horas en que se prolongue o servizo.

Aprobado Pleno 28.10.04 e 29.10.12